

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14205 *Lei 7/2020, do 13 de novembro, para a transformación dixital do sistema financeiro.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A transformación dixital da economía e do sector financeiro, en particular, representa un fenómeno de cambio estrutural, impulsado tanto por factores tecnolóxicos como por variacións na demanda dos servizos solicitados polo cidadán e pola empresa. Os incrementos na capacidade de computación, a dixitalización de información, a conectividade global facilitada pola internet, o reducido custo marxinal do almacenamento de datos e os avances na capacidade de tratamento destes están a posibilitar unha transformación profunda dos procesos de produción, comercialización e distribución de bens e servizos na economía.

En concreto, no sector financeiro, as novas tecnoloxías producen eficiencias ao provedor e aos usuarios de servizos financeiros. Así mesmo, crece o número e a calidade dos servizos prestados, adaptándose a oferta á presión da demanda, que busca flexibilidade, axilidade, eficiencia e servizos á carta en calquera soporte, cunha forte preferencia polos dispositivos móbiles. As novas tecnoloxías poden facilitar a redución das asimetrías de información e contribuír a mellorar a asignación de riscos na economía, tamén mediante a automatización e a mellora na supervisión do sector financeiro. Nese sentido, termos de uso cada vez máis habituais como *fintech*, *insurtech* ou *regtech*, referidos á actividade financeira en xeral, actividade aseguradora ou utilización das novas tecnoloxías con fins normativos, reflicten os avances que están a producir cambios substantivos nos procesos de produción, na relación cos clientes, nos modelos de negocio e na propia estrutura do sector, debido á aparición de novos actores.

Desde a óptica das autoridades públicas o cambio acelerado, impulsado polas novas tecnoloxías e polos modelos de negocio baseados nelas, supón, en primeiro lugar, un reto de adaptación tecnolóxica, pero tamén outro máis fundamental: a política financeira ten que garantir que a innovación aplicada ao ámbito financeiro é segura e beneficia o conxunto da sociedade. Trátase de facilitar o acceso ao financiamento como motor da economía, asegurando que a transformación dixital non afecte de ningún xeito o nivel de protección ao consumidor de servizos financeiros, a estabilidade financeira e a integridade nos mercados, nin permita a utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo. Adicionalmente, é preciso asegurar que a transformación dixital fortaleza a capacidade do conxunto do sistema financeiro para impulsar a economía produtiva e a cohesión social e territorial garantindo a igualdade de oportunidades de todas as persoas independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Por último, resulta de especial relevancia ter en conta as implicacións que a transformación dixital poida ter en relación cos obxectivos de inclusión financeira e cos retos demográficos, así como co uso dos propios datos por parte dos usuarios.

En definitiva, co conxunto de medidas incluídas na presente lei trátase de acompañar a transformación dixital do sistema financeiro enfocándoa cara a dous obxectivos principais. O primeiro é o de garantir que as autoridades financeiras dispoñan de instrumentos adecuados para seguir cumprindo optimamente coas súas funcións no novo contexto dixital. O segundo é o de facilitar o proceso innovador co fin de lograr un desenvolvemento máis equitativo mediante o mellor acceso ao financiamento dos distintos sectores produtivos e a captación de talento nun contorno tecnolóxico internacional altamente competitivo.

II

Estes obxectivos explícanse no título I, en que tamén se definen os conceptos principais e se aclara que esta lei non supoñerá a modificación do actual marco de distribución de competencias entre autoridades, sen prexuízo da colaboración entre todas elas dentro do novo contexto dixital para o bo cumprimento dos principios da política financeira.

O título II configúrase como a parte central da lei, xa que regula o espazo controlado de probas, é dicir, con características propias, o que no ámbito europeo e internacional se coñece como *regulatory sandbox*. Trátase dun conxunto de disposicións que amparan a realización controlada e delimitada de probas dentro dun proxecto que pode achegar unha innovación financeira de base tecnolóxica aplicable no sistema financeiro, definida como aquela que poida dar lugar a novos modelos de negocio, aplicacións, procesos ou produtos con incidencia sobre os mercados financeiros, a prestación de todo tipo de servizos financeiros e complementarios ou o desempeño das funcións públicas no ámbito financeiro. Esta definición deriva da adoptada no marco do Consello de Estabilidade Financeira (*Financial Stability Board*), organización internacional cuxa función é a de salvagardar a estabilidade financeira, e foi tamén recollida polo Comité de Basilea sobre supervisión bancaria.

Tres son os aspectos que funcionan como clave de bóveda do contorno de probas: trátase dun espazo controlado, é un instrumento supervisor e réxese por un esquema lei-protocolo.

En primeiro lugar, como elemento principal, trátase dun espazo controlado, é dicir, un espazo que debe ser seguro para os participantes e para o conxunto do sistema financeiro, en que os potenciais riscos foron debidamente mitigados ou eliminados. O acceso ao espazo controlado de probas regulado neste título ou a realización de probas dentro dun proxecto piloto non supoñerá, en ningún caso, o outorgamento dunha autorización para o comezo do exercicio dunha actividade ou para a prestación habitual de servizos financeiros con carácter profesional. En consecuencia, os proxectos piloto e as probas propostas dentro de tales proxectos non se atoparán suxeitas á lexislación específica aplicable á prestación de servizos financeiros e deberán cumprir sempre co disposto nesta lei e no correspondente protocolo.

En todo caso, a participación no espazo controlado de probas fai necesario garantir plenamente os obxectivos de política pública en tres ámbitos especialmente sensibles: a protección de datos de carácter persoal, a protección aos usuarios de servizos financeiros e a prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. Os bens xurídicos identificados en cada unha destas tres áreas deben quedar completamente protexidos, de forma que o risco asumido quede mitigado ou eliminado a través do establecemento de medidas compensatorias para deixar indemnes de calquera prexuízo os participantes nas probas, seguindo un esquema similar ao xa previsto noutros ámbitos sectoriais que requiren igualmente a máxima protección, dos cales o exemplo paradigmático é a lexislación vixente sobre ensaios clínicos. Esta trata de aumentar a calidade da saúde pública grazas ás posibilidades da innovación e da investigación, sen que poida supoñer ningún tipo de desprotección para os pacientes, senón todo o contrario, que sirva como mecanismo indispensable para evitar tratamentos e fármacos lesivos e, en xeral, para que a innovación se poña ao servizo do interese principal: curar mellor. Do mesmo modo, o contorno de probas será un espazo controlado polas autoridades

responsables coa finalidade última de contribuír a facilitar o acceso ao financiamento como motor da economía e a mellorar a regulación actual.

É por iso que o segundo elemento esencial do espazo controlado de probas regulado nesta lei é a súa importancia como instrumento regulador e supervisor que permitirá coñecer os desenvolvementos e os potenciais efectos da transformación dixital na prestación de servizos financeiros e nos bens que se van protexer dentro do sistema financeiro, en particular a protección aos usuarios e a estabilidade financeira. Ao facilitar o mellor desempeño da actividade de lexisladores e supervisores, non só permitirá un mellor coñecemento das innovacións financeiras de base tecnolóxica, que sitúe as autoridades en mellor posición para a comprensión das implicacións da transformación dixital, como sinalou, entre outros, o Consello de Estabilidade Financeira (FSB), senón que, ademais, deberá contribuír, desde o mesmo momento da súa implantación, a un mellor control do cumprimento da lexislación vixente.

Finalmente, como terceiro elemento fundamental, o marco regulatorio que se aplicará ao espazo controlado de probas está formado polas previsións sobre o dito espazo previstas nesta lei –que regula o réxime xeral, incluíndo os dereitos e as obrigacións que se deben prever nunha norma con rango legal e que garanten que o espazo sexa seguro– e por un protocolo de probas que contén o réxime concreto en que se levará a cabo cada proba e que subscribirán as autoridades encargadas do seguimento das probas e os promotores do proxecto.

Ademais destes trazos, cabe aludir aos aspectos de detalle sobre o funcionamento do espazo controlado de probas. Para iso, dividiuse o título II en tres capítulos que se refiren aos distintos momentos do proceso de desenvolvemento das probas no espazo controlado, isto é, ao réxime de acceso, ao réxime de garantías, mentres se desenvolven os proxectos e se realicen as probas, e, finalmente, ao réxime de saída e de efectos posteriores á finalización das ditas probas.

En canto ao réxime de acceso, no capítulo I establécese un sistema de portelo financeiro único para a presentación de proxectos por parte de empresas tecnolóxicas, entidades financeiras, centros de investigación ou calquera outro promotor interesado. Os proxectos poderán recibir unha avaliación favorable se se atopan suficientemente avanzados e se poden achegar valor engadido en aspectos que van desde a mellora do cumprimento normativo ou dos instrumentos de protección á clientela ata o aumento da eficiencia e a mellora da prestación dos servizos financeiros. Con posterioridade a esa avaliación previa, os supervisores e o promotor asinarán un protocolo sobre desenvolvemento das probas, que incluírá os detalles da súa realización e, en particular, a súa duración e alcance limitados. Subscrito o protocolo, poderán comezar as probas se se dan as garantías previstas no capítulo II.

Respecto do réxime de garantías e de protección aos participantes durante a realización das probas, previsto no capítulo II, establécense sete cautelas principais, especialmente dirixidas ás probas en que participen usuarios reais: consentimento informado e protección de datos persoais; dereito de desistencia; responsabilidade do promotor; garantías que cubran a responsabilidade do promotor; confidencialidade; seguimento supervisor durante todo o exercicio das probas; e, finalmente, posibilidade de interrupción das probas, entre outros, en casos de mala práctica ou incumprimento da lexislación ou do protocolo.

En canto ao réxime de saída, no capítulo III prevense dous elementos. En primeiro lugar, o exame dos resultados, que será realizado polo promotor das probas e incluído nunha memoria que se enviará ás autoridades que fixeron o seguimento das probas. En segundo lugar, prevese a existencia dunha pasarela de acceso á actividade, que implica un alixeiramento dos trámites legal e regulamentariamente exixidos no caso de que sexa necesaria licenza ou autorización para o posterior exercicio da actividade profesional. En particular, establécese a posibilidade de redución dos prazos do procedemento, na medida en que a axilización resulta de interese público. O alixeiramento dos trámites producirase, exclusivamente, naqueles supostos en que a actividade para a que se requira autorización se pretenda realizar principalmente a través da tecnoloxía e do modelo de negocio

probados, e as autoridades públicas con competencias para a autorización consideren que a realización de probas permite unha análise máis sinxela, pero igualmente rigorosa, do cumprimento dos requisitos exixidos para obter a dita autorización.

III

O título III recolle outras medidas. En primeiro lugar, recóllense previsións específicas para a aplicación do principio de proporcionalidade no conxunto de actuacións das autoridades públicas do ámbito financeiro. En particular, prevese que a aprendizaxe derivada do funcionamento do espazo controlado de probas informe o conxunto da lexislación financeira, en concreto, en canto á necesidade de calibrar mellor a correspondencia entre actividades, riscos e regulación no contexto da transformación dixital, tal e como sinalaron os principais organismos internacionais na materia. A este respecto, resulta indispensable garantir a igualdade de condicións entre todos aqueles intermediarios que realicen a mesma actividade.

En segundo lugar, prevese unha canle de comunicación directa coas autoridades supervisoras que achegue confianza aos innovadores e transparencia nas funcións públicas.

En terceiro lugar, establécese unha canle para as consultas escritas sobre aspectos da regulación e outros que puidesen xurdir na consecución das probas que, pola dificultade de comprensión ou de anticipación do sentido da súa aplicación, poida funcionar como barreira de entrada para os distintos actores financeiros ou xerar incerteza nos distintos destinatarios das normas. A existencia dun complexo ordenamento xurídico europeo multinivel recomenda a introdución dun instrumento que contribúa a mellorar a seguridade xurídica nas relacións contractuais no que concirne á regulación da prestación de servizos financeiros no contexto da transformación dixital.

IV

Máis aló dos mecanismos previstos nos títulos II –espazo controlado de probas– e III –proporcionalidade, canle de comunicación directa e consultas–, dirixidos a preservar os obxectivos de política financeira e a facilitar a innovación que contribúa ao reforzo dos ditos obxectivos, o título IV recolle un conxunto de disposicións institucionais e de previsións de rendición de contas. Entre elas destaca a colaboración entre autoridades e a coordinación nas súas actuacións relacionadas coa transformación dixital. A lei prevé un marco reforzado de colaboración e coordinación sen alteración da distribución e do exercicio das respectivas competencias fixadas nas normas reguladoras da arquitectura institucional do sistema financeiro. Todo iso é a mellor garantía de que non se produce unha alteración do principio de correspondencia entre asignación de responsabilidades e toma de decisións. De maneira concreta, para o seguimento e o impulso do espazo controlado de probas, das demais medidas previstas na lei e, en xeral, do seguimento do proceso de transformación dixital do sistema financeiro, establécese unha comisión de coordinación, presidida pola Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, en que participarán representantes das autoridades supervisoras ou doutras institucións do sector.

Así mesmo, o carácter marcadamente transnacional da actividade financeira no contexto da transformación dixital fai aconsellable prever mecanismos de cooperación internacional entre autoridades públicas que permitan que os instrumentos previstos na lei incorporen a dimensión global, ampliando así as posibilidades de forxar alianzas e de responder conxuntamente a retos que superan notablemente as capacidades nacionais de actuación.

Por outra banda, a lei recolle a necesidade de que o cambio cultural que a transformación dixital require no seo de todos os actores institucionais se acompañe daquelas reorganizacións internas que resulten necesarias para alcanzar unha máis eficiente relación entre medios e fins.

Ademais, o conxunto de disposicións que se inclúen na lei fai necesaria a oportuna rendición de contas, que se establece mediante un informe anual sobre transformación

dixital do sistema financeiro, que será publicado e remitido ás Cortes Xerais e no cal se incluírán as posibilidades de mellora identificadas como consecuencia da posta en marcha dos instrumentos previstos pola lei, en particular, do espazo controlado de probas. No informe atenderanse os novos desenvolvementos tecnolóxicos, a evolución internacional, os efectos sobre a protección á clientela de servizos financeiros e a estabilidade financeira, e aqueles aspectos da regulación e da supervisión que puidesen requirir melloras ou adaptacións.

Finalmente, a lei incorpora dúas disposicións adicionais; na primeira, habilita a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional para a fixación do modelo de solicitude e da primeira data de presentación de solicitudes de acceso ao espazo controlado de probas; na segunda, establece que a aplicación das previsións contidas na lei non deberá ocasionar incremento do gasto público. Pola súa parte, as catro disposicións derradeiras refírense ao obxectivo e desenvolvemento do resultado das probas para simplificar a lexislación existente e os procedementos pertinentes, ao título competencial, á habilitación para o desenvolvemento regulamentario e á entrada en vigor.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei regula un contorno controlado de probas que permita levar á práctica proxectos tecnolóxicos de innovación no sistema financeiro con pleno acomodo no marco legal e supervisor, respectando, en todo caso, o principio de non discriminación.

Ademais, a lei reforza os instrumentos necesarios para garantir os obxectivos da política financeira no contexto da transformación dixital. Para ese efecto, a lei dota as autoridades competentes e os promotores de innovacións de base tecnolóxica aplicables no sistema financeiro e os usuarios de servizos financeiros de instrumentos que lles axuden a comprender mellor as implicacións da transformación dixital, co fin de aumentar a eficiencia, a calidade dos servizos e, particularmente, a seguridade e a protección fronte aos novos riscos tecnolóxicos financeiros.

Artigo 2. *Competencias*

O previsto nesta lei non supoñerá, en ningún caso, a alteración das competencias atribuídas ás autoridades públicas pola súa lexislación específica, sen prexuízo do deber xeral de colaboración entre elas, para os efectos do cumprimento da presente lei e da consecución do seu obxecto.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos do previsto nesta lei entenderase por:

a) «Autoridade competente»: a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, as autoridades supervisoras e calquera outra autoridade que conforme a lexislación vixente teña atribuídas competencias específicas sobre a actividade financeira.

b) «Autoridade supervisora»: a autoridade financeira nacional con funcións supervisoras competente por razón da materia, xa sexa o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, conforme o disposto no artigo 7 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España; o artigo 17 do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores; e o artigo 7 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

c) «Comisión de coordinación»: a comisión integrada polas autoridades competentes que ten como competencia a coordinación das actuacións en aplicación desta lei conforme o previsto no artigo 23.

d) «Espazo controlado de probas»: o contorno controlado e delimitado de probas regulado polo título II desta lei e polos correspondentes protocolos que amparan a realización dunha ou de varias probas de innovación financeira de base tecnolóxica aplicable no sistema financeiro, incluídas nun proxecto piloto.

e) «Innovación de base tecnolóxica aplicable no sistema financeiro»: aquela actuación ou conxunto de actuacións que, mediante o uso da tecnoloxía, poida dar lugar a novas aplicacións, procesos, produtos ou modelos de negocio con incidencia sobre os mercados financeiros, a prestación de servizos financeiros e complementarios ou o desempeño das funcións públicas no ámbito financeiro.

f) «Monitor»: cada unha das persoas designadas polas autoridades supervisoras entre o seu persoal para o seguimento de cada proxecto ou dalgunha das probas. En ningún caso, asumirá responsabilidade polo incumprimento por parte do promotor das súas obrigacións legais ou contractuais.

g) «Participante»: cada un dos usuarios que, despois de asinar o documento informativo único previsto nesta lei, decida participar nunha ou varias das probas.

h) «Promotor»: calquera persoa física ou xurídica que, individual ou conxuntamente con outras, solicite a iniciación dun proxecto piloto propio conforme o previsto nesta lei, incluídas empresas tecnolóxicas, entidades financeiras, administradores de crédito, asociacións representativas de intereses, centros públicos ou privados de investigación e calquera outro interesado.

i) «Protocolo»: documento no cal se inclúen os termos en que se realizarán as probas. Subscribirano o promotor e a autoridade ou autoridades supervisoras que resulten competentes por razón da materia do proxecto.

j) «Proxecto piloto»: innovación de base tecnolóxica sobre a que se realizarán un conxunto de probas experimentais amparadas polo previsto nesta lei e suxeitas ao seguimento por parte das autoridades supervisoras. En ningún caso supoñerá a prestación de servizos con carácter profesional e habitual, nin terá carácter indefinido.

k) «Proba»: cada un dos ensaios de alcance limitado que se realicen, con ou sen participantes, dentro dun proxecto piloto.

TÍTULO II

Espazo controlado de probas

CAPÍTULO I

Réxime xurídico, de acceso e de participación no espazo controlado de probas

Artigo 4. Réxime xurídico aplicable ás probas

1. As probas rexeranse polo disposto nesta lei e no protocolo de probas aprobado conforme o previsto no artigo 8.

2. O acceso ao espazo controlado de probas regulado neste título ou a realización de probas dentro dun proxecto piloto non supoñerá, en ningún caso, o outorgamento de autorización para o exercicio dunha actividade reservada ou para a prestación de servizos con carácter indefinido. En consecuencia, os proxectos piloto e as probas propostas dentro de tales proxectos non estarán suxeitos á lexislación específica aplicable á prestación habitual de servizos financeiros e deberán cumprir, en todo caso, co disposto nesta lei e no correspondente protocolo.

3. No caso de que no proxecto piloto participen entidades que xa conten con autorización para o exercicio dunha actividade, só quedarán exoneradas do cumprimento da normativa que resulte de aplicación as actividades que queden dentro dos límites do proxecto piloto. En ningún caso se estenderá esta exención ás actividades ordinarias fóra

do espazo controlado de probas, sen prexuízo da ponderación do principio de proporcionalidade conforme o disposto no artigo 19.

4. Na aplicación do disposto neste título, as autoridades españolas de supervisión terán en conta as recomendacións sobre facilitadores identificadas polas autoridades europeas de supervisión financeira.

5. No disposto neste título aplicaranse as disposicións sobre procedementos iniciados por solicitude dos interesados previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 5. *Requisitos para o acceso ao espazo controlado de probas*

1. Poderán acceder ao espazo controlado de probas regulado neste capítulo aqueles proxectos promovidos por calquera suxeito dos previstos no artigo 3.h) desta lei que acheguen unha innovación de base tecnolóxica aplicable no sistema financeiro e que se atopen suficientemente avanzados para probarse.

2. Entenderase que se atopan suficientemente avanzados aqueles proxectos que presenten un prototipo que ofrezca unha funcionalidade mínima para comprobar a súa utilidade e, en consecuencia, permitir a súa viabilidade futura, aínda que a dita funcionalidade estea incompleta respecto de posteriores versións del.

Adicionalmente, os proxectos innovadores deberán achegar, a criterio razoado das autoridades competentes conforme o disposto no artigo 7, potencial utilidade ou valor engadido sobre os usos xa existentes en, polo menos, un dos seguintes aspectos:

- a) Facilitar o cumprimento normativo mediante a mellora ou homoxeneización de procesos ou outros instrumentos;
- b) Supoñer un eventual beneficio para os usuarios de servizos financeiros en termos de redución dos custos, de mellora da calidade, ou das condicións de acceso e dispoñibilidade da prestación de servizos financeiros, ou de aumento da protección á clientela;
- c) Aumentar a eficiencia de entidades ou mercados, ou
- d) Proporcionar mecanismos para a mellora da regulación ou o mellor exercicio da supervisión financeira.

3. Para os efectos do acceso dos proxectos ao espazo controlado de probas, as autoridades supervisoras terán en consideración o impacto que o proxecto en cuestión poida ter no sistema financeiro español.

4. En ningún caso poderán acceder ao espazo controlado de probas aqueles proxectos similares a outros cuxos promotores garden identidade ou teñan unha vinculación xurídica relevante cos promotores de proxectos que, conforme o previsto no artigo 16.1, fosen obxecto de resolución motivada de interrupción nos dous anos anteriores á data límite de admisión das solicitudes de acceso ao espazo controlado que estableza a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional conforme o previsto no artigo 6.3. O cómputo dos dous anos efectuarase desde a data da resolución pola cal se interrompan as probas.

Entenderase que teñen vinculación xurídica relevante, entre outras, as persoas que teñan cargos de administración ou dirección, as sociedades pertencentes ao seu grupo e as persoas que teñan cargos de administración ou de dirección destas últimas. Para os efectos desta disposición, haberá que aterse á definición de grupo de sociedades establecida no artigo 42 do Código de comercio. Así mesmo, entenderase por proxecto similar aquel cun obxecto de natureza análoga e que vaia dirixido aos mesmos destinatarios.

5. Por excepción ao previsto no punto anterior, si poderán acceder ao espazo de probas proxectos de promotores que acrediten fidedignamente a emenda e desaparición das causas que motivasen unha interrupción das probas producida en virtude do segundo parágrafo do artigo 16.1 desta lei.

Artigo 6. *Solicitud de acceso ao espazo controlado de probas*

1. Os promotores presentarán as solicitudes de acceso ao espazo controlado de probas.

2. As solicitudes de acceso ao espazo controlado de probas presentaranse na sede electrónica da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, que previamente aprobará e publicará na dita sede un modelo normalizado, que será de uso obrigatorio, conforme o previsto no artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes virán acompañadas dunha memoria xustificativa en que se explicará o proxecto e se detallará o cumprimento do disposto no artigo 5 desta lei e a forma en que, en caso de aceptación, está previsto cumprir co réxime de garantías e de protección dos participantes previsto no capítulo II.

3. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional establecerá semestralmente, mediante resolución, unha data límite para a admisión de solicitudes, que será publicada na súa sede electrónica. Só serán consideradas aquelas solicitudes que se presenten durante os trinta días anteriores á dita data límite.

4. As solicitudes presentaranse de conformidade co previsto sobre linguas oficiais no artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, as solicitudes poderanse presentar en lingua inglesa e neste caso tramitarse o expediente en castelán.

Artigo 7. *Avaliación previa*

1. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional trasladará de maneira inmediata as solicitudes recibidas a aquelas autoridades supervisoras que resulten competentes por razón da materia do proxecto, co fin de que poidan efectuar a avaliación prevista no número 2 deste artigo e emitan informe motivado único respecto del. O informe motivado único deberá incluír unha cualificación do proxecto como favorable ou desfavorable.

2. No mes seguinte á data de finalización do prazo de admisión de solicitudes previsto no artigo 6.3 desta lei, as autoridades supervisoras avaliarán, mediante informe motivado, as solicitudes que afecten o seu ámbito de competencia e remitirán á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional a listaxe de proxectos que acheguen valor engadido sobre os usos xa existentes e que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 5. Cando o número de candidaturas ou a complexidade dos procedementos o aconselle, este prazo poderá ser prorrogado en ata un mes adicional. O informe incluírá o nome do promotor, unha breve descrición do contido do proxecto e o ámbito en que achega potencial utilidade ou valor engadido. Se o proxecto presentado incide no ámbito competencial propio de varias autoridades supervisoras, deberase solicitar un único informe motivado conxunto en que se conteñan as consideracións de todas as autoridades competentes. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá requirir o promotor para que achegue información adicional para os efectos da avaliación prevista neste punto.

3. A comisión prevista no artigo 23 reunirse nos dez días seguintes ao da recepción da listaxe prevista no número 2 para tomar coñecemento das avaliacións previas. Nos cinco días posteriores á dita reunión, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional publicará na súa sede electrónica, conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a listaxe de proxectos que recibisen unha avaliación previa favorable, con indicación da autoridade ou autoridades supervisoras que por razón da materia de cada proxecto serán responsables do seguimento. Así mesmo, indicarse o carácter provisional da dita avaliación, a cal non producirá ningún efecto ata a subscripción do protocolo previsto no artigo 8 desta lei.

A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá convidar e, se for o caso, solicitar informes a calquera outra autoridade, aínda que teña competencias nun

ámbito sectorial distinto do financeiro, cando poida interesar a súa participación como observador nun proxecto piloto ou nalgunha das probas que se vaian realizar nel.

4. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional desestimarán, mediante resolución motivada e expresa, aquelas solicitudes sobre as cales calquera das autoridades supervisoras que resulten competentes por razón da materia emitise informe desfavorable, conforme o disposto nos números 1 e 2 deste artigo. O contido desfavorable dun informe deberá estar motivado en función do disposto no artigo 5.

Así mesmo, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional acordará, de forma motivada, a inadmisión daquelas solicitudes cuxo contido resulte manifestamente carente de fundamento en relación co disposto no artigo 5, en canto aos supostos e requisitos para o acceso ao espazo controlado de probas, así como aquelas que non se presenten segundo o modelo de solicitude aprobado conforme o disposto no artigo 6.2.

Nos supostos previstos neste punto, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional notificará a resolución aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que se ditase o acto, por medios electrónicos, segundo o disposto nos artigos 40 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, transcorridos tres meses desde a data límite para a admisión de solicitudes sen que a comisión prevista no artigo 23 tomase coñecemento das avaliacións previas dos supervisores, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional deberá notificar aos interesados que as súas solicitudes se deben entender desestimadas.

5. As resolucións mediante as que terminen os procedementos recollidos neste artigo poñerán fin á vía administrativa, de conformidade co previsto no artigo 114.1.g) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ante o mesmo órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 9, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 8. *Protocolo de probas*

1. Cando un proxecto reciba unha avaliación previa favorable conforme o disposto no artigo 7, no prazo de tres meses desde a súa publicación, subscribirase un protocolo de probas entre o promotor e a autoridade ou autoridades supervisoras que, conforme o número 3 do dito artigo, fosen designadas responsables do seguimento do proxecto por razón da súa competencia material.

Transcorrido o dito prazo sen se subscribir o protocolo, o proxecto decaerá. Con todo, as autoridades a que se refire o parágrafo anterior poderán ampliar o dito prazo conforme o disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O protocolo establecerá as normas e as condicións a que se suxeitará o proxecto piloto en que se desenvolverán as probas e incluírá, entre outras, as seguintes cuestións:

- a) A limitación en canto ao volume de usuarios e operacións, o importe destas últimas e o tempo de realización das probas.
- b) A forma en que se levará a cabo o seguimento das probas conforme o disposto no artigo 15 desta lei. En particular, detallarase a información que se facilitará ás autoridades e o modo de acceder á dita información.
- c) As fases do proxecto e os obxectivos que se pretende alcanzar en cada unha das fases, xunto co alcance de cada proba e a duración delas.
- d) Os recursos con que terá que contar o promotor para levar a cabo as probas.
- e) Un completo sistema de garantías e indemnizacións de acordo co previsto no número 3 deste artigo e no capítulo II do presente título e, en concreto, o réxime de

garantías que resulte adecuado para cubrir a eventual responsabilidade do promotor conforme o previsto no artigo 13.

f) Se for o caso, cláusulas de confidencialidade, así como disposicións, suxeitas á regulación específica, sobre os dereitos de propiedade industrial e intelectual ou segredos empresariais que se puidesen ver afectados durante a realización das probas.

g) Calquera outra cuestión que, a xuízo do promotor ou da autoridade responsable do seguimento das probas, poida resultar relevante para o seu desenvolvemento.

3. No protocolo estableceranse todas as cautelas necesarias para garantir en cada proba un sistema específico de protección dos participantes que sexa proporcionado ao nivel de risco do proxecto, conforme os obxectivos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos, protección dos usuarios de servizos financeiros e prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo. Así mesmo, estableceranse cantas cautelas sexan necesarias para garantir que a realización das probas non afectará a estabilidade financeira, a integridade dos mercados financeiros ou terceiros non participantes nas probas.

Os tratamentos de datos de carácter persoal das persoas físicas realizaranse con estrita suxeición ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e no resto da normativa sobre protección de datos persoais.

4. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá publicar na súa sede electrónica exemplos de protocolos tipo ou orientacións xerais sen carácter vinculante sobre o contido dos ditos protocolos.

Os protocolos poderanse modificar en calquera das súas previsións por causas sobrevidas, ben por instancia das autoridades supervisoras ou ben, logo de visto e prace destas últimas, por pedimento dos promotores, sempre que a dita modificación sexa motivada e redunde no bo desenvolvemento das probas.

Artigo 9. *Comezo das probas*

Unha vez aprobado o protocolo de probas de conformidade co previsto nesta lei, o promotor solicitará o consentimento informado dos participantes e activará o sistema de garantías e indemnizacións previsto. Acreditados estes aspectos ante a autoridade supervisora responsable para efectuar o seguimento, a quen se dará coñecemento do documento informativo único previsto no artigo 10, poderán dar comezo as probas integrantes do proxecto piloto segundo os termos recollidos no protocolo e de conformidade co previsto nesta lei.

CAPÍTULO II

Réxime de garantías, protección dos participantes e seguimento das probas

Artigo 10. *Consentimento informado e protección de datos*

1. Todo participante nunha proba das previstas nesta lei deberá aceptar as condicións de participación por escrito. Para ese efecto, o promotor faralle entrega dun documento informativo único, cuxo modelo deberá ser aprobado pola autoridade supervisora, en que será convidado a participar nas probas e en que se detallará:

a) A natureza, o carácter de proba, as implicacións, os riscos e as responsabilidades que puidesen derivar da súa participación nelas e, en particular, o réxime de garantías fixado no correspondente protocolo para cubrir a responsabilidade do promotor conforme o previsto nos artigos 12 e 13.

b) O réxime de desistencia conforme o previsto no artigo 11 e no protocolo que rexe as probas.

c) A forma en que se tratarán os seus datos persoais durante a realización das probas e os seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal de conformidade co previsto na lexislación vixente.

d) Se for o caso, o carácter confidencial da información obtida como consecuencia da participación nas probas, así como disposicións, suxeitas á regulación específica, sobre os dereitos de propiedade industrial e intelectual ou segredos empresariais que se puidesen ver afectados durante a realización das probas.

e) O réxime de interrupción previsto no artigo 16.

Esta información deberá estar redactada nunha linguaxe sinxela, comprensible e que resulte accesible ao participante.

2. Os participantes manifestarán a súa libre vontade de participar nas probas mediante a sinatura do documento informativo único previsto no punto anterior, que se levará a cabo, preferiblemente, de forma electrónica nun formato admitido pola autoridade supervisora responsable para efectuar o seguimento.

Así mesmo, no dito documento deberán prestar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal.

3. No documento informativo poderase establecer que o incumprimento por parte dos participantes das responsabilidades aceptadas e, en particular, dos deberes de confidencialidade estipulados dea lugar ao cesamento da súa participación nas probas, así como prever calquera outro tipo de responsabilidades derivadas.

Artigo 11. *Dereito de desistencia*

1. En todo momento un participante terá dereito a poñer fin á súa participación nunha proba conforme o réxime de desistencia previsto no protocolo de probas e no documento único previsto no artigo 10.

2. A desistencia dun participante non xerará en ningún caso dereito de indemnización, nin ningunha compensación, para o promotor das probas.

3. A retirada do consentimento para o tratamento de datos de carácter persoal non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

4. No caso de que o participante poña fin á súa participación na proba, este seguirá baixo o deber de confidencialidade nos termos previstos no propio protocolo.

Artigo 12. *Responsabilidade*

1. A responsabilidade polos danos sufridos polos participantes como consecuencia da súa participación nas probas será exclusivamente do promotor cando se produzan por un incumprimento seu do protocolo, deriven de riscos non informados por el ou cando medie culpa ou negligencia pola súa parte. En caso de danos derivados de fallos técnicos ou humanos durante o transcurso das probas, a responsabilidade será igualmente do promotor.

As autoridades que interveñan durante o desenvolvemento das probas non serán responsables dos posibles danos e perdas que se puidesen orixinar.

2. Non se considerarán danos as perdas que deriven da flutuación dos mercados conforme o establecido para cada caso no correspondente protocolo.

3. Os participantes serán resarcidos conforme o réxime previsto no protocolo das perdas patrimoniais e outros danos derivados directamente da dita participación, sempre que o promotor sexa responsable do prexuízo causado conforme o previsto neste artigo.

4. En ningún caso o protocolo poderá prever que o promotor sexa resarcido pola Administración das perdas patrimoniais resultantes da súa participación no espazo controlado de probas.

Artigo 13. *Garantías por danos*

No momento de comezo das probas, os promotores dispoñerán, conforme o establecido no protocolo, de garantías financeiras para cubrir a responsabilidade polos

danos e perdas en que puidesen incorrer conforme o previsto no artigo anterior. As ditas garantías serán proporcionadas aos riscos e poderanse formalizar ou estar formalizadas, entre outros instrumentos, a través de seguros, avais bancarios ou fianzas.

Artigo 14. *Garantías de confidencialidade*

1. O protocolo previsto no artigo 8 desta lei poderá incluír cláusulas de confidencialidade e segredo empresarial, así como disposicións, suxeitas á regulación específica, sobre os dereitos de propiedade industrial e intelectual ou segredos empresariais que se poidan ver afectados durante a realización das probas.

Así mesmo, no documento único de información previsto no artigo 10 poderanse incluír cláusulas de confidencialidade en relación coa información a que poidan ter acceso como consecuencia da súa participación nas probas.

2. O persoal das autoridades que participe nas probas previstas neste título II ou na comisión prevista no artigo 23 estará suxeito aos deberes de segredo e discreción conforme o previsto no artigo 53.12 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, sen que poida facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público. En particular, o persoal das autoridades supervisoras estará, en todo caso, suxeito aos seus respectivos réximes de segredo profesional.

Artigo 15. *Seguimento das probas*

1. A autoridade supervisora que, por razón da materia do proxecto, fose designada responsable do seu seguimento, conforme o previsto no artigo 7.3 desta lei, designará un ou varios monitores que levarán a cabo o seguimento das probas que integran o proxecto piloto. Iso entenderase sen prexuízo do disposto no artigo 12 en canto á responsabilidade exclusiva do promotor polo cumprimento do previsto nesta lei e demais normativa aplicable, así como dos termos do protocolo de probas.

No caso de que o protocolo de probas o subscribise máis dunha autoridade supervisora, todas elas designarán, igualmente, un ou varios monitores para os efectos do previsto neste artigo. Conforme o previsto no artigo 22, estableceranse pautas de coordinación entre as autoridades que leven a cabo o seguimento das probas. En todo caso, sen prexuízo das respectivas competencias, designarase un coordinador de probas de entre as ditas autoridades supervisoras, para facilitar o seguimento e a interlocución durante a súa realización.

2. Durante a realización das probas establecerase un diálogo continuo entre o promotor e a autoridade responsable do seguimento, que poderá emitir indicacións escritas co fin de cumprir co disposto no protocolo e nesta lei. Así mesmo, a autoridade responsable poderá instar modificacións do protocolo, mediante escrito motivado en que se razoe a necesidade das ditas modificacións, para o bo desenvolvemento das probas e que, para facerse efectivo, deberá contar coa conformidade do promotor.

3. Adicionalmente, a autoridade responsable do seguimento verificará, no ámbito das súas competencias, a aplicación do disposto nesta lei e no correspondente protocolo de probas. Para tal fin poderá solicitar, puntual ou periodicamente, canta información considere pertinente e realizar inspeccións ou outras accións dirixidas ao cumprimento desta lei e do protocolo de probas.

4. O incumprimento do disposto nesta lei ou no correspondente protocolo dará lugar á interrupción das probas conforme o previsto no artigo 16.1. Así mesmo, as persoas físicas e xurídicas, así como quen teña cargos de administración ou dirección nelas, que como consecuencia do dito incumprimento infrinxan ademais normas de ordenación ou disciplina, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable conforme o disposto na Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras; na Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito; no Real decreto legislativo 4/2015, do 23

outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores, e demais lexislación aplicable aos suxeitos que participan nos mercados financeiros.

Artigo 16. *Interrupción das probas*

1. En calquera momento do proceso, o proxecto piloto ou calquera das probas poderán ser suspendidos ou darse por concluídos motivadamente, mediante resolución da autoridade responsable do seguimento, se se producen incumprimentos do réxime xurídico aplicable ás probas conforme o disposto no artigo 4 ou do deber de boa fe do promotor durante a realización das probas.

Así mesmo, o proxecto piloto ou calquera das probas poderán suspenderse ou darse por concluídos motivadamente no caso de que a autoridade encargada do seguimento aprecie deficiencias manifestas ou reiteradas, ou eventuais riscos para a estabilidade financeira, a integridade dos mercados financeiros ou a protección á clientela.

Nos supostos previstos nos parágrafos anteriores, a resolución motivada de interrupción do proxecto piloto ou das probas poñerá fin á vía administrativa e poderase interpoñer contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ante o mesmo órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 9, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Os promotores poderán suspender ou dar por finalizados o proxecto piloto ou calquera das probas de maneira motivada por razóns técnicas, estratéxicas ou por calquera outro motivo que impida a súa continuación, ou cando, conforme o previsto no protocolo previsto no artigo 8, se alcanzasen os obxectivos fixados para as ditas probas. Nestes supostos, a interrupción das probas motivada polo promotor non xerará dereito de indemnización para os participantes, excepto no caso de que sufran prexuízos económicos directamente derivados da dita interrupción.

CAPÍTULO III

Réxime de saída e efectos posteriores á realización de probas

Artigo 17. *Exame de resultados*

1. Unha vez concluídas as probas, o promotor elaborará unha memoria en que se avaliarán os resultados delas e do conxunto do proxecto piloto e remitiraa, no prazo dun mes, á autoridade supervisora que segue as probas, que a compartirá, sen dilación, no marco da comisión de coordinación prevista no artigo 23 desta lei.

No protocolo establecerase a información mínima que para cada proxecto piloto conterá a dita memoria, cuxa confidencialidade se garantirá, en todo momento, conforme o previsto nos artigos 8 e 14.

2. No caso de que, tras o exame de resultados, o promotor considere conveniente desenvolver probas adicionais ou complementarias, poderá instar a autoridade que fose responsable do seguimento a que se estenda a súa duración, logo da modificación do protocolo.

3. A autoridade que fose responsable do seguimento das probas elaborará un documento de conclusións sobre o seu desenvolvemento e resultados. As ditas conclusións teranse en conta para os efectos do previsto nos artigos 25 e 26 e publicaranse coas reservas necesarias en termos de propiedade industrial ou intelectual.

Artigo 18. *Pasarela de acceso á actividade*

1. Unha vez finalizado o proxecto piloto ou durante o seu desenvolvemento conforme o disposto no protocolo, o promotor poderá solicitar autorización para dar comezo á actividade, no caso de que non dispuxese dela, ou para ampliála.

2. Naqueles supostos en que se requira autorización para o exercicio dunha actividade que se pretenda desempeñar principalmente a través dunha innovación de base tecnolóxica que fose obxecto de proba no espazo controlado e as autoridades con competencias para a autorización consideren que a información e o coñecemento adquiridos durante a realización de probas permiten unha análise simplificada do cumprimento dos requisitos previstos na lexislación vixente, os prazos do procedemento poderanse reducir atendendo ás particularidades de cada proxecto, de conformidade co previsto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, a autoridade competente para autorizar efectuará a ponderación a que se refire o artigo 19.1.

TÍTULO III

Outras medidas

Artigo 19. *Proporcionalidade*

1. Conforme o previsto no artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando para o desenvolvemento dunha actividade financeira sexan exixibles requisitos susceptibles de ponderación, as autoridades competentes para autorizar efectuarán a dita ponderación aplicando o principio de proporcionalidade. Tal ponderación será motivada e poderá ter en conta as directrices establecidas para os procesos de autorización polas autoridades europeas con competencias na materia.

2. As autoridades supervisoras terán en conta o desenvolvemento e o resultado das probas previstas no título II desta lei para os efectos de aplicar motivadamente e conforme o principio de proporcionalidade as medidas equivalentes en supostos similares dentro da discrecionalidade de que dispoñan na súa actividade supervisora conforme a lexislación específica aplicable. Na aplicación de proporcionalidade dentro da dita marxe de actuación discrecional terán en conta as directrices, as recomendacións e os criterios sobre boas prácticas supervisoras que emanen das autoridades europeas con competencias de supervisión.

3. O desenvolvemento e o resultado das probas reguladas conforme o previsto no título II teranse en conta para os efectos do previsto no artigo 26.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos. Igualmente, valorarase a incidencia da aplicación das novas tecnoloxías á hora de ponderar o principio de proporcionalidade entre actividades e riscos no exercicio da iniciativa lexislativa e regulamentaria e na avaliación normativa, conforme o previsto no artigo 129 e 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O informe anual previsto no artigo 25 incluirá, nun punto específico sobre proporcionalidade, a información relevante sobre o disposto nos puntos anteriores.

Artigo 20. *Canles específicas de comunicación*

1. As autoridades supervisoras establecerán canles específicas de comunicación directa para atender consultas relativas a novas aplicacións, procesos, produtos, modelos de negocio e outras cuestións relacionadas coa innovación tecnolóxica aplicada á prestación de servizos financeiros.

2. As autoridades supervisoras coordinaranse entre si en relación coas consultas recibidas. Así mesmo, recollerán na súa páxina web información sobre o disposto nesta lei e incluirán unha ligazón á sede electrónica da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, co obxecto de facilitar o acceso á información relacionada co disposto no artigo 6 desta lei.

Artigo 21. Consultas escritas

1. Calquera interesado poderá formular á autoridade supervisora consultas escritas respecto do réxime, da clasificación ou da aplicación da normativa financeira sectorial relacionada cun caso de aplicación da tecnoloxía á prestación de servizos financeiros. As consultas presentaranse por medios electrónicos.

2. Nas consultas faranse constar as dúbidas que suscite a normativa aplicable e a relación co caso de aplicación da tecnoloxía á prestación de servizos financeiros, así como os demais datos e elementos que poidan contribuir á formación de opinión por parte da autoridade competente.

3. A contestación ás consultas escritas deberase producir o máis axiña posible e, en todo caso, no prazo máximo de dous meses desde o seu rexistro. Cando así se estableza na súa lexislación específica, terá efectos vinculantes para os órganos e entidades da Administración encargados da aplicación das correspondentes normas. A falta de contestación no prazo establecido non implicará unha resposta afirmativa á consulta formulada.

4. A contestación ás consultas escritas terá carácter informativo para os interesados, os cales non poderán interpoñer recurso ningún contra a dita contestación.

5. A presentación e contestación das consultas non interromperán os prazos establecidos nos procedementos administrativos.

6. As autoridades informarán a comisión a que se refire o artigo 23 das cuestións máis relevantes en relación coas consultas escritas recibidas, en particular, cando puidesen afectar outras autoridades competentes.

TÍTULO IV**Disposicións institucionais e rendición de contas****CAPÍTULO I****Disposicións institucionais****Artigo 22. Colaboración entre autoridades e exercicio de competencias**

1. As autoridades públicas con competencias na materia cooperarán entre si para garantir que, conforme o disposto nesta lei, a transformación dixital no sistema financeiro se produce con plenas garantías para a estabilidade financeira, a protección da clientela e conforme os demais principios informadores da política financeira.

2. As autoridades públicas colaborarán co fin de lograr un adecuado funcionamento do espazo controlado de probas previsto no título II e facilitarán, dentro do seu ámbito competencial e coas garantías adecuadas, a realización de probas. Cando varias autoridades participen conxuntamente no seguimento dun proxecto, conforme o previsto no protocolo, establecerán entre elas pautas de coordinación.

3. Para a realización de probas que o requiran, poderanse establecer mecanismos de cooperación internacional entre autoridades públicas que permitan optimizar os instrumentos previstos nesta lei mediante a súa interacción con espazos controlados de probas e outros facilitadores tecnolóxicos desenvolto en xurisdicións distintas da española. En particular, poderanse subscribir convenios segundo o previsto no artigo 47.2.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 23. Comisión de coordinación

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, constituirase unha comisión para a coordinación das actuacións nela previstas.

2. Entre outras funcións, en relación co espazo controlado de probas previsto no título II desta lei, a dita comisión terá por obxecto:

- a) Tomar coñecemento das solicitudes presentadas, da súa avaliación previa, da aprobación de protocolos e das avaliacións de resultado.
- b) Coñecer e deliberar respecto dos contidos da memoria en que se avalíen os resultados das probas.
- c) Intercambiar coñecemento sobre o contido dos protocolos co fin de establecer pautas homoxéneas, cando iso sexa posible.
- d) Coñecer os motivos que fundamenten, se for o caso, as decisións tomadas en virtude do previsto nesta lei e, en particular, dos artigos 7.4, 16.1 e 18.
- e) Coñecer de calquera outro aspecto relevante sobre o funcionamento xeral do espazo controlado de probas ou sobre o concreto desenvolvemento dos proxectos piloto.
- f) Asegurarse da participación e facilitar a coordinación das autoridades supervisoras e, cando proceda, das demais autoridades competentes.

3. Así mesmo, a comisión de coordinación terá por obxecto:

- a) Deliberar sobre o disposto no artigo 19 en relación co principio de proporcionalidade.
- b) Tomar coñecemento da actividade das autoridades nela presentes en relación co disposto nos artigos 20 e 21.
- c) Compartir información xeral entre os seus membros sobre os desenvolvementos da innovación tecnolóxica aplicada ao ámbito financeiro.

4. A dita comisión reunirse, polo menos, con periodicidade trimestral e nela participarán representantes das autoridades supervisoras. Poderán participar igualmente, cando así o propoña a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, representantes doutras institucións do sector. Procurarase que a representación sexa equilibrada conforme o disposto no artigo 54 da Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A súa presidencia corresponderá a un representante da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

5. Poderanse convocar sesións abertas da comisión en que interveñan, entre outros, expertos e representantes de intereses asociativos de entidades ou consumidores co fin de mellorar o funcionamento xeral do espazo controlado de probas previsto nesta lei ou achegar un maior coñecemento sobre as implicacións da transformación dixital no sistema financeiro. As ditas sesións realizaranse separadamente daquelas en que se traten asuntos relacionados coas funcións atribuídas á comisión nos números 2 e 3 deste artigo.

Artigo 24. *Recursos materiais e persoal*

As autoridades competentes dedicarán os medios materiais e o persoal que consideren oportuno para atender o cumprimento do disposto nesta lei e poderán decidir, conforme o seu respectivo réxime xurídico, sobre o modelo de organización interna que resulte máis adecuado para os propósitos anteriores en función das súas especificidades e das competencias que teñan atribuídas.

CAPÍTULO II

Rendición de contas

Artigo 25. *Informe anual sobre transformación dixital do sistema financeiro*

1. A Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional elaborará un informe anual sobre transformación dixital do sistema financeiro, que será remitido ás Cortes

Xerais pola ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e publicado na páxina web durante o primeiro trimestre de cada exercicio.

2. No dito informe atenderanse, entre outras cuestións, os novos desenvolvementos tecnolóxicos, a evolución internacional, os efectos sobre a protección á clientela de servizos financeiros, a estabilidade financeira e a estrutura de mercado, as implicacións da transformación dixital para a igualdade de xénero, así como aqueles aspectos da regulación e a supervisión financeira que puidesen requirir melloras ou adaptacións.

No informe incluírase, nun punto diferenciado do resto de contidos, un resumo das actuacións de fomento da educación na cidadanía dixital, en particular, das de promoción do uso responsable das novas tecnoloxías, levadas a cabo no ámbito financeiro.

3. Así mesmo, no informe anual sobre transformación dixital do sistema financeiro renderanse contas sobre a realización de probas efectuadas conforme o título II desta lei, en virtude da información remitida polas autoridades supervisoras e por outras autoridades que interveñan nas ditas probas. O informe atenderá, especialmente, o disposto no artigo 19 e omitirá, no caso da publicación na páxina web, a información suxeita ao deber de confidencialidade recollido no artigo 14, que será observado no exercicio das súas funcións constitucionais polos membros das cámaras.

4. Adicionalmente, o informe incluírá as recomendacións regulatorias derivadas dos resultados dos proxectos experimentais levados a cabo no espazo controlado de probas. O obxectivo destas recomendacións debe ser o de adaptar a realidade legislativa ás innovacións dixitais do sector financeiro que se mostrasen útiles para a consecución dos supostos contidos no artigo 5.2 desta lei, de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Artigo 26. *Informe sobre aplicación da innovación tecnolóxica de base financeira á función supervisora*

As autoridades supervisoras previstas no artigo 3.b) desta lei incluírán na súa memoria anual un informe sobre a aplicación da innovación de base tecnolóxica ás súas funcións supervisoras. En particular, no dito informe incluírase unha avaliación sobre a implantación daquelas innovacións que fosen probadas no espazo controlado de probas regulado nesta lei e que resulten aplicables ao mellor desempeño da función supervisora.

En todo caso, o contido do informe respectará o principio de confidencialidade dos proxectos, salvo consentimento expreso do promotor.

Disposición adicional primeira. *Fixación do modelo de solicitude e da primeira data de presentación de solicitudes de acceso ao espazo controlado de probas*

No prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional aprobará o modelo de solicitude e a data límite a que se refire o artigo 6.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público*

A aplicación das previsións contidas nesta lei non deberá ocasionar incremento do gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Obxectivo do desenvolvemento e resultado das probas*

O desenvolvemento e resultado das probas terase en conta para os efectos de simplificar a lexislación existente, eliminar barreiras e duplicidades innecesarias, establecer procedementos máis áxiles e minimizar as cargas administrativas a que se atopan sometidas as entidades financeiras, todo iso co obxecto de seguir impulsando un marco regulatorio eficiente para as actividades económicas.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais*

Esta lei dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil; bases da ordenación de crédito, banca e seguros; e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

Habílitate a ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para ditar, no ámbito das súas competencias, aquelas disposicións sobre aspectos organizativos ou procedementais do espazo controlado de probas regulado no título II que a práctica do seu funcionamento demostrase pertinentes, así como para desenvolver o previsto no artigo 23.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de novembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN